

Programa Coopera Rural: Fortalecendo o Tecido Cooperativo no Rural Galego

En colaboración coa: Rede Eusumo e o Programa de Emprego, formación, educación e economía social -EFESO- do FSE+

Datas: do 22 de abril ao 30 de xuño de 2025 **Número de cursos do programa :** 3 cursos
Duración: 75 horas, 25 h/curso **Formato:** Teleformación. En liña | 6 sesións virtuais, 2 sesións virtuais/curso
Lugar de celebración: A través da Aula Virtual de EspazoCoop
Inscripción: [preme aquí](#) **Máis información:** Patane García - 881 887 456 - patane@espazo.coop

Obxectivos

- Achegar o modelo cooperativo ás persoas vinculadas ao medio rural para potenciar o emprendemento a través da fórmula do autoemprego cooperativo.
- Mostrar de xeito práctico e achegado á realidade as condición e pasos a dar para emprender baixo a fórmula cooperativa.
- Achegar recursos e medidas de apoio existentes que favorezan o emprendemento colectivo no rural.
- Coñecer recursos e metodoloxías que nos axudan a traballar e mellorar as habilidades sociais.
- Desenvolver habilidades persoais clave no traballo colaborativo.
- Coñecer que debemos analizar e ter en conta para facer da nosa idea un proxecto cooperativo viable.
- Elaborar conxuntamente o prototipo do proxecto.
- Avaliar requisitos e compromisos como grupo promotor, tarefas a desenvolver e calendario de actuación.

Programa e contidos

O programa consta de 3 cursos, podendo realizar un, dous ou os tres cursos. A recomendación é realizar todos para completar o itinerario formativo do programa.

CURSO 1 | EMPRENDEMENTO EN COOPERATIVA

25 horas | do 22 de abril ao 13 de maio | 2 sesións virtuais de aprendizaxe: 24 de abril e 12 de maio

Módulo 1.- Presentación de EspazoCoop e a Rede Eusumo. O emprendemento. A situación actual do emprego.

Módulo 2.- O cooperativismo de traballo como alternativa de emprego.

Módulo 3.- Organización e financiamento. Apoios para o emprendemento no rural.

Módulo 4.- Experiencia cooperativa. Boas prácticas de cooperativismo, no rural.

CURSO 2 | HABILIDADES E COMPETENCIAS PARA O TRABALLO EN EQUIPO NAS COOPERATIVAS

25 horas | do 15 de maio ao 2 de xuño | 2 sesións virtuais de aprendizaxe: 16 e 28 de maio

Módulo 1.- A comunicación.

Módulo 2.- O traballo en equipo.

Módulo 3.- A toma de decisións.

Módulo 4.- O liderado nas cooperativas.

CURSO 3 | DESENVOLVENDO A IDEA COOPERATIVA

25 horas | do 9 ao 30 de xuño | 2 sesións virtuais de aprendizaxe: 10 e 25 de xuño

Módulo 1.- Identifica o teu proxecto cooperativo.

Módulo 2.- Analiza as áreas comercial e de mercado.

Módulo 3.- Estuda a viabilidade económica e financeira.

Módulo 4.- Planifica a área organizativa e os trámites de constitución.

Metodoloxía

A metodoloxía é activa e participativa. Propoñemos actividades para o traballo grupal, coñecer boas prácticas, utilizando medios audiovisuais para enriquecer as exposicións. A nosa proposta é que as participantes sexan protagonistas no proceso formativo mediante a reflexión, a participación e a experimentación. Cada curso terá dúas sesións virtuais de aprendizaxe.

Dirixido a

Persoas, tanto desempregadas como emprendedoras, ou ocupadas, vinculadas co medio rural, interesadas en desenvolver un proxecto de emprendemento cooperativo. Primarase a participación de mulleres, persoas mozas e persoas en proceso de mellora da súa integración sociolaboral..

Docentes

- Rosa Álvarez Bernárdez. Técnica da Unión de Cooperativas EspazoCoop | Curso "Emprendemento en cooperativa"
- Patane García Méndez. Técnica da Unión de Cooperativas EspazoCoop | Curso "Habilidades e competencias para o traballo en equipo nas cooperativas"
- Teresa Balado Barciela. Técnica da Unión de Cooperativas EspazoCoop | Curso "Desenvolvendo a idea cooperativa"

Formulario de inscrición

Para realizar a inscrición aos cursos do programa [preme aquí](#)

Iniciativa impulsada e promovida por

Unión de Cooperativas Galegas EspazoCoop | www.espazo.coop

Financiado por

Programación 2025 da **Rede Eusumo**, que é unha rede de colaboración impulsada pola **Xunta de Galicia**, dende a Secretaría Xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social para o fomento do cooperativismo e a economía social. E tamén, o Programa de Empleo, Formación, Educación y Economía Social, **Efeso**, cofinanciado por el **Fondo Social Europeo Plus** para el periodo 2021-2027, a través del organismo intermedio Cepas.